



CONCELLO DE PONTECESO

## **BASES XERAIS PARA CUBRIR CON CARÁCTER INTERINO UNHA PRAZA DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESO (GES) CON CARÁCTER TEMPORAL E A CREACIÓN DE UNHA BOLSA DE EMPREGO.**

### **I.- OBXECTO. -**

É obxecto destas bases regular o procedemento para cubrir unha praza do GES, con carácter laboral temporal, cunha duración dende a contratación ata o 31 de decembro de 2018 e a selección dos integrantes dunha bolsa de emprego do GES, conforme ao establecido no Concenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais que entrou en vigor o 31.12.2013 e prorrogado por tres anos mais no ano 2015.

A listaxe con que contaba o Concello de Pontecesos non foi prorrogada mediante resolución de alcaldía xunto coa prórroga que se realizou das persoas contratadas, e ademais veu obsoleta ao ser chamados para substitucións moitos dos seus integrantes e rexeitar a oferta de traballo. De maneira que se fai necesario realizar unha nova bolsa para cubrir posibles suplencias que se poidan producir como consecuencia de baixas, renuncias, etc. ou calquera outra circunstancia prevista na lexislación de ausencia das persoas que actualmente están contratadas e cunha duración igual ao contrato de ditas persoas, entendéndose prorrogada a vixencia da bolsa se se produce a prórroga dos contratos.

As características da praza a cubrir e das posibles prazas a cubrir cos integrantes da bolsa son:

- Denominación: operario GES.
- Tipo de xornada: xornada completa.
- Tipo de contrato: laboral temporal.
- Categoría profesional: c2.

Funcións:

1.Traballos a realizar polos GES. As labores a desenvolver polos grupos GES consistirán na realización dos seguintes traballos:



CONCELLO DE PONTECESO

- Intervención en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.
- Nos incendios forestais deberan empregarse os vehículos de extinción dispoñibles de acordo coa súa operatividade.
- Intervención en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas e ser responsables do seu mantemento mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requirán.
- A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro.
- Intervención en situacóns derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacóns, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntes de terra, situacóns de seca, etc.
- Colaboración, e no seu caso, intervención en situacóns derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaboración coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracóns de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacóns serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaboración e apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM) e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- Intervención en incendios forestais no seu ámbito de actuación integrados no dispositivo do SPDCIF e baixo o mando único descrito no PLADIGA.
- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.
- Realización de actividades e, no seu caso, establecemento de medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacóns de riscos indicados nos apartados anteriores.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio



CONCELLO DE PONTECESO

ambiente, servizos sociais, sanidade, culturais, educativos e deportivos.

- Así mesmo poderán ser requeridos para colaborar na defensa de incendios forestais declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasiona.

As prazas están cofinanciadas pola Xunta, Deputación e Concello.

## **SEGUNDA. CONTIDO DAS BASES.**

As bases específicas son as que están acordadas no Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais no ano 2013, adaptadas a lexislación e as necesidades peculiares dos 5 concellos o que o GES da servizo.

## **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español ou posuér a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 18 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obligatoria ou graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais (o certificado de escolaridade considérase equivalente ao Graduado Escolar segundo Orde de 20 de xuño pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e de outros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, de 4 de agosto, xeral de Educación e financiamento da reforma educativa a efectos laborais).



CONCELLO DE PONTECESO

- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, ao menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, no seu caso.

#### **CUARTA.-SOLICITUDES**

4.1.- Quenes desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar na instancia adxunta ás presentes bases. As instancias dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde do Concello de Ponteceso, presentándose no Rexistro xeral do Concello, en horas de oficina e durante o prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria na web do Concello [www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal). previa publicación do anuncio da convocatoria nun Diario dos de maior tirada da Provincia. En todo caso, a presentación de instancias por calquera dos medios establecidos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **fora do rexistro xeral**, precisarán notificación da solicitude vía fax ao nº 981733397, o mesmo día da súa presentación, así coma o xustificante de presentalo conforme a lexislación vixente por un dos medios establecidos na citada normativa, co fin de que se teña coñecemento por parte do Concello de cantas instancias existen.

4.2.- A instancia acompañárase de:

- Fotocopia do D.N.I. (no seu defecto, resgado do D.N.I. ou pasaporte).

Quenes non posúan a nacionalidade española acompañarán á solicitude os seguintes documentos:

- Os estranxeiros que residan en España, fotocopia compulsada do correspondente documento de identidade ou pasaporte e da Concello de Ponteceso (A Coruña)



CONCELLO DE PONTECESO

tarxeta de residente comunitario ou de familiar residente comunitario en vigor.

- Os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea, ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que non residan en España, ben por residir no estranxeiro ou por encontrarse en España en réxime de estancia, deberán presentar fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte.
- Os familiares das persoas anteriores deberán presentar fotocopia compulsada do pasaporte, do visado e, no seu caso, do resgado de solicitar a correspondente tarxeta ou do resgado de solicitar a exención de visado e a correspondente tarxeta. De non ter solicitados estes documentos deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa da persoa española ou nacional da Unión Europea, ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo con quen existe un vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuge e, no seu caso, do feito de que el ou a aspirante vive a súas expensas ou está a seu cargo.
- Fotocopia cotexada da titulación requirida para o acceso ao posto.
- Fotocopia cotexada dos méritos establecidos nas bases específicas.
- Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 2<sup>a</sup> d), e) e f) ou, no seu caso, declaración contida no Modelo de Instancia adxunto ás presentes Bases (Anexo I). En caso de estar incurso en algunha incompatibilidade, de acordo co establecido **Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, deberase achegar declaración xurada da actividade/es, horario e retribucións.**

En cumprimento do establecido na súa normativa específica e a tenor do disposto no artigo 19 do R. D. 364/1992, de 26 de marzo, estableceranse para os aspirantes con minusvalías que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas. Asemade, os interesados deberán formular a correspondente petición concreta na solicitude de participación. A tal efecto os Tribunais poderán requerir informe e, no seu caso, colaboración dos órganos técnicos da Administración Laboral, sanitaria ou dos órganos competentes do Ministerio de Asuntos Sociais.



CONCELLO DE PONTECESO

## **QUINTA.-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES**

1. Rematado o prazo para a presentación de solicitudes a resolución da alcaldía acordará a aprobación da lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.
2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días, contados a partires do seguinte ao da publicación do acordo, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no Taboleiro de anuncios. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

## **SEXTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O Tribunal cualificador, que se clasifica na categoría 2º do Anexo IV do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, estará constituído por cinco membros nomeados polo Sr. Alcalde-Presidente.

A composición do Tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, onde se establece que o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.Todos os membros dos Tribunais, deberán posuér a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, sendo sempre necesaria a presencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que se consideren pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas respectivas especialidades técnicas.



CONCELLO DE PONTECESO

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos membros presentes, todas as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nestas Bases e determinará a actuación procedente nos casos non previstos. Os seus acordos só poderán ser impugnados nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

  
Os membros do Tribunal deberán de absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante. Os aspirantes poderán recusalos, conforme establece o artigo 24 da mesma norma.

A actuación do Tribunal haberá de axustarse estritamente ás Bases da Convocatoria.

#### **SÉTIMA.-COMEZO DOS EXERCICIOS**

1. A data e hora na que deberá constituirse o Tribunal (aos efectos de elaboración das probas) será determinada pola Alcaldía mediante acordo, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data da celebración do primeiro exercicio, a cal publicarase mediante anuncio no taboleiro de anuncios do concello.
2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizarlo, salvo os casos debidamente xustificados que serán resoltos motivadamente polo Tribunal.
3. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

#### **OITAVA.-DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS**

1. En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade.
2. A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercicios que non poidan



#### CONCELLO DE PONTECESO

facerse de xeito simultáneo, comezará polos que o primeiro apellido corresponda coa letra que determine a Resolución da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para o ano de celebración dos exercicios.

3. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer ao Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas ós efectos procedentes.

4. Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o Tribunal fará pública, no Taboleiro de Anuncios, a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida.

Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

5. A relación de aprobados en cada exercicio polo Tribunal deberá publicarse no taboleiro de anuncios, a lo menos con 12 horas de antelación, á nova reunión do Tribunal cando se trate do mesmo exercicio e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercicio.

6. Dende o total remate dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberán transcorrer a lo menos 72 horas e un máximo de 45 días naturais.

7. Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### **NOVENA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS**

A selección realizarase mediante o sistema de oposición, segundo o baremo establecido nas bases específicas de cada praza.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma da puntuación obtida en cada fase da oposición.

#### **PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO 25 puntos**

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 50 preguntas con respuestas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria, durante un período de 70 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo. Cada resposta correcta sumará 0,5 puntos e cada resposta errada restará 0,10.

#### **SEGUNDO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO 10 puntos**



CONCELLO DE PONTECESO

Consistirá na realización dunha proba práctica sobre as funcións a desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc.), tendo en conta o temario que figura como Anexo I, e que será determinado polo Tribunal antes da súa realización.

### **TERCEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO 10 puntos**

Aptitude física. Será acreditada mediante:

A) A presentación dun certificado médico extendido en impreso oficial e firmado por Colexiado en exercicio que faga constar expresamente a capacidade do opositor de reunir condicións físicas e sanitarias par poder facer os seguintes exercicios.

No se admitirán aqueles certificados que no nse axusten na súa redacción a estes conceptos.

B) Pruebas de aptitud física valoradas conforme anexo II

- a). Carreira de velocidade sobre 100 m
- b) Carreira de resistencia sobre 1.500 m.

### **CUARTO-PROBAS DE IDIOMAS.**

#### **Proba de coñecemento do galego.**

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 4º realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

Este exercicio ten carácter obligatorio e eliminatorio.

#### **Proba de coñecemento do castelán para quenes non posúan a nacionalidade española. Con**

Concello de Pontevedra (A Coruña)



#### CONCELLO DE PONTECESO

carácter previo á realización das probas da fase de oposición, os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e da súa orixe non se desprenda o coñecemento do castelán deberán acreditar o coñecemento do mesmo mediante a realización de unha proba, na que comprobará que posúen un nivel adecuado de comprensión e expresión e expresión oral e escrita nesta lingua.

O contido desta proba axustarase ao disposto no Real Decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español coma lingua estranxeira, polo que se establecen diplomas acreditativos do coñecemento do español coma lingua estranxeira. A proba cualificarase de apto ou non apto, sendo necesario obter a valoración de apto ou apta para pasar a realizar as probas da fase de oposición.

O lugar e data da realización desta proba determinarase mediante resolución de Alcaldía. Quedan eximidos de realizar esta proba quenes estean en posesión do diploma de español, nivel C2, coma lingua estranxeira, establecido polo no Real Decreto 1137/2002 ou do certificado de aptitude de español para estranxeiros expedido polas escolas Oficiais de Idiomas ou acrediten estar en posesión de unha titulación académica española expedida polo órgano oficial competente en territorio español.

#### DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Cada un dos tres exercicios obligatorios e eliminatorios, serán cualificados da seguinte maneira. O primeiro de 0 a 25 puntos sendo necesario acadar 13 puntos para superar o exercicio. Os outros dous de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes que foran superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obligatorios e eliminatorios, non computándose a fase de concurso a todos aqueles aspirantes que non superen a fase de oposición.

#### DECIMOPRIMEIRA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1. A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de oposición. Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial.



CONCELLO DE PONTECESO

2. O Tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. Porén, o Tribunal ao cualificar cada uno dos exercicios non terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final, os cales nunca poderán superar o número de prazas convocadas.

4. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resloverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

#### **DÉCIMOSEGUNDA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES PROPOSTOS, NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN**

Os aspirantes propostos presentarán, dentro do prazo de 5 días naturais contados a partires da publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria

- Documento Nacional de Identidade mediante fotocopia compulsada por ambos os dous lados.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir esixido na convocatoria.

Dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior, os aspirantes propostos que non presenten a súa documentación ou non reunirse os requisitos esixidos, non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrese por falsidade na instancia na que solicita tomar parte na oposición.

#### **DECIMOTERCEIRA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan á Administración Municipal, aos Tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.



CONCELLO DE PONTECESO

## **DECIMOCUARTA.-INCIDENCIAS**

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, a cuxo efecto poderá adopta-los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

## **DECIMOQUINTA.-FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO E CRITERIOS DE CHAMAMENTO.**

Na bolsa de emprego existirán os seguintes tipos de situacións dos aspirantes:

- **Dispoñible:** que se atopa na listaxe de candidatos da Bolsa de Emprego, á espera de ser chamado para unha prestación de servizos de carácter temporal. En todo caso o candidato que non acepte o nomeamento ou contrato (sen prexuízo dos supostos xustificados que se asemellen aos que podan dar lugar a unha baixa temporal nos traballadores en activo) quedará excluído da listaxe correspondente, ao igual de quen cause baixa da relación de emprego co Concello no caso de que se estean desempeñando funcións como causa dun contrato temporal orixinado nestas listaxes.
- **Traballando:** quen presta servizos no ámbito de aplicación destas bases. Mentre se atope nesta situación, o traballador só poderá recibir ofertas de traballo relacionadas con outras listaxes de emprego do Concello, que no caso de mellorar o contrato poderá escoller quedando como "dispoñible" e no turno correspondente na listaxe de orixe. Rematada a vixencia do correspondente contrato/nomeamento as persoas en activo ou "traballando" pasarán novamente á situación de "dispoñible".
- **Ilocalizable:** candidatos integrantes dunha listaxe de Bolsa de emprego que, por non haber comunicado o cambio de domicilio ou teléfono, non contesten ás comunicacións remitidas por mensaxería electrónica ou correo certificado, ou as chamadas telefónicas que no seu caso se lle realicen con ocasión dunha vacante das contempladas nestas bases. O prazo de resposta será de tres días hábiles. Nesta situación non se realizará oferta de traballo algunha ao candidato. Aqueles candidatos que por non haber comunicado el cambio de domicilio ou teléfono, sexan considerados como "iocalizables", manterán dita situación ata que non comuniquen novos datos que posibiliten a localización.



CONCELLO DE PONTECESO

- **Baixa temporal:** pasará á situación quen:

- 
- . Acredite por escrito encontrarse na situación de Incapacidade Laboral Transitoria ou descanso por maternidade.
  - . Acredite por escrito ser titular dun nomeamento ou contrato noutra Administración ou Entidade que, ao menos, posúa unha duración estimada e réxime de adicación igual ao que se lle ofrece.
- \* Alegue causas debidamente xustificadas para non aceptar un nomeamento ou contrato.

A estos efectos, non se considerará causa xustificada, en ningún caso, a previsión de vacacións ou ausencias por motivos de ocio nas datas nas que se prevea a contratación ou nomeamento, salvo que o candidato acredite documentalmente o prexuízo económico que a aceptación da relación de emprego lle podería ocasionar. Cando non se presente, no prazo de 15 días, a documentación acreditativa da causa que motiva o pase á situación de "baixa temporal" correspondente, considerarase que o candidato rexeita voluntariamente a oferta, aplicándose a regulación disposta na presente normativa para ditos supostos. Unha vez rematada a causa que motivou o paso á situación de baixa temporal, a persoa interesada deberá poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 5 días, achegando a documentación xustificativa que proceda. Ata que se realice dita comunicación ou se presente a documentación acreditativa correspondente, no seu caso, seguirá na situación de baixa temporal.

- **Baixa definitiva:** Pasarán a esta situación aqueles candidatos que:

- \* Voluntariamente así o soliciten.
- \* Cando o candidato non acepte o nomeamento ou contrato ofertado sen causa xustificada.
- \* Falezan, sexan incapacitados permanentemente, cumpran a idade regulamentaria de xubilación, ou queden inhabilitados definitivamente para o desenrollo de responsabilidades públicas.
- \* Non supere o período de proba correspondente.
- \* Teña un informe desfavorable de baixo rendemento por faltas de puntualidade ou faltas de asistencia reiteradas e non xustificadas polo Xefe da Unidade Administrativa correspondente.

Chamamentos:

1. Os chamamentos realizaranse sempre polo orde de prelación na listaxe correspondente, sen prexuízo do disposto nos parágrafos seguintes.
2. A orde de prelación dos chamamentos será sempre de riguroso orde de puntuación entre os aspirantes que estean na situación de "dispoñibles", excepto no caso de ofertas de traballo para a cobertura temporal de postos de interinidade de superior categoría ao que estea desenrolando, caso



CONCELLO DE PONTECESO

no que o chamamento farase tamén extensible á situación de "traballando".

3. As comunicacións das ofertas de traballo se realizarán por correo electrónico, por vía telefónica ou por calquera medio que permita unha comunicación inmediata e áxil coa persoa interesada. Para a práctica da comunicación da oferta realizaranse tres intentos de comunicación ou aviso, a oferta haberá de ser aceptada ou rexeitada nun prazo de 48 horas. No caso de non lograrse o contacto darase traslado da oferta, á seguinte persoa da listaxe por orde de puntuación. No caso de que non se poderá contactar coa persoa, esta pasará á situación de "ilocalizable", deixando constancia diso co envío dunha carta certificada ao domicilio particular da persoa, expresando dita circunstancia e os motivos das mesmas.
4. Co gallo da xustificación e para consulta, se procedese, levarase un exhaustivo rexistro das listaxes da bolsa de emprego vixente, así como dos intentos e/ou trámites de contacto levados a cabo para a localización dos candidatos, así como, no seu caso, das respuestas recibidas por parte destes.
5. Ata tanto non se produza o nomeamento e correspondente toma de posesión, os aspirantes seleccionados non terán dereito a percepción económica algúna.

**Os aspirantes propostos para a cobertura dun posto están obligados a presentar na Secretaría do Concello, dentro do prazo de dous días naturais seguintes ao do chamamento, os documentos necesarios que se lle requiran polo Concello para formalizar o contrato de traballo. Aquelas persoas que estean desempeñando outra actividade retribuída deberán presentar neste mesmo prazo a autorización da organización contratante de compatibilidade, sen prexuízo do oportuno expediente de compatibilidade que se tramite no Concello de Ponteceso para autorizar dita situación, no caso contrario, a persoa proposta non poderá ser nomeada.**

Se dentro do prazo indicado e salvo casos de forza maior, algún dos aspirantes propostos non presentara a súa documentación ou non reunira algún dos requisitos citados, non poderá ser nomeado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións, **sen prexuízo da responsabilidade en que pudiera incorrer por falsidade na instancia solicitando tomar parte nas probas.** Neste caso procederase ao chamamento do seguinte na orde de clasificación final ao proposto.

## **DECIMOSEXTA.-RECURSOS**



CONCELLO DE PONTECESO

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquelo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Excepto a convocatoria, que se publicará segundo o que se establece na base 3<sup>a</sup>, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo se farán públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial e na páxina web [www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados de esta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, se poderá interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante el Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poda exercitar calquera outro que considere procedente.

Ponteceso, 20 de xullo de 2017.

O Alcalde,

Xosé Lois García Carballido



CONCELLO DE PONTECESO

## ANEXO I – TEMARIO

### A. Parte xeral (7 temas).

1. A constitución españolas de 1978.
2. A organización territorial na constitución, principios xerais.
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia
4. Os Concellos. Organización, elementos básicos e funcionamento.
5. Persoal o servizo das Admónes públicas. Clases. Adquisición e perdida da condición de funcionario.
6. Dereitos e deberes dos funcionarios. Réximen disciplinario.

### B. Parte protección civil. (8 temas)

1. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.
2. Planificación en protección civil: Plans de emergencia municipal.
3. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios.
4. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.
5. Accidentes de tráfico e excarcelación.
6. Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas.
7. Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emergencias.
8. Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)

### C. Parte de coñecementos locais. (5 temas)

1. Concello de Cabana de Bergantiños. Situación. Parroquias e lugares
2. Concello de Coristanco . Situación. Parroquias e lugares
3. Concello de Laxe. Situación. Parroquias e lugares
4. Concello de Malpica de Bergantiños. Situación. Parroquias e lugares
5. Concello de Ponteceso. Situación. Parroquias e lugares



CONCELLO DE PONTECESO

## ANEXO II. Probas físicas

### Valoración proba de velocidad (MAX 10 puntos)

#### HOMES

Tempo	
- 14 segundos	5 puntos
14 segundos	4,75 puntos
15 segundos	4,25 puntos
16 segundo	4 puntos
17 segundos	3,5 puntos
18 segundos	3 puntos
19 segundos	2,5 puntos
20 segundos	2 puntos
21 segundos	1,5 puntos
22 segundos	1 punto
23 segundos	0,5 puntos
+ 23 segundos	Non puntúa

#### MULLERES

Tempo	
- 16 segundos	5 puntos
16 segundo	4,75 puntos
17 segundos	4,25 puntos
18 segundos	4 puntos
19 segundos	3,5 puntos
20 segundos	3 puntos
21 segundos	2,5 puntos
22 segundos	2 puntos
23 segundos	1,5 puntos
24 segundos	1 punto
25 segundos	0,5 puntos
+ 26 segundos	Non puntúa

### Valoración proba de velocidad

#### HOMES

Tempo	
- 3 minutos e 50 segundos	5 puntos
3m50s-4m10s	4,75 puntos



CONCELLO DE PONTECESO

<b>4m11s-4m20s</b>	<b>4,25 puntos</b>
<b>4m21s-4m35s</b>	<b>4 puntos</b>
<b>4m36s-4m50s</b>	<b>3,5 puntos</b>
<b>4m51s-5m05s</b>	<b>3 puntos</b>
<b>5m06s-5m15s</b>	<b>2,5 puntos</b>
<b>5m16s-5m25s</b>	<b>2 puntos</b>
<b>5m26s-5m35s</b>	<b>1,5 puntos</b>
<b>5m36s-5m45s</b>	<b>1 punto</b>
<b>5m46s-5m55s</b>	<b>0,5 puntos</b>
<b>Mais de 5m 55 s</b>	<b>Non puntúa</b>

### MULLERES

<b>Tempo</b>	
<b>- 4 minutos e 35 segundos</b>	<b>5 puntos</b>
<b>4m35s-4m50s</b>	<b>4,75 puntos</b>
<b>4m51s-5m00s</b>	<b>4,25 puntos</b>
<b>5m01s-5m25s</b>	<b>4 puntos</b>
<b>5m26s-5m40s</b>	<b>3,5 puntos</b>
<b>5m41s-5m55s</b>	<b>3 puntos</b>
<b>5m56s-6m05s</b>	<b>2,5 puntos</b>
<b>6m16s-6m25s</b>	<b>2 puntos</b>
<b>6m26s-6m35s</b>	<b>1,5 puntos</b>
<b>6m36s-6m45s</b>	<b>1 punto</b>
<b>6m46s-6m55s</b>	<b>0,5 puntos</b>
<b>Mais de 6m 55 s</b>	<b>Non puntúa</b>



CONCELLO DE PONTECESO

### ANEXO III

#### INSTANCIA

D/Da ..... con D.N.I.  
nº..... con  
domicilio..... C.P..... Localidade.....  
..... e teléfono de contacto.....

#### EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria do proceso selectivo de unha praza e bolsa de emprego GES

**E declarando explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumplindo os requisitos necesarios de acceso, capacidade e de compatibilidade e autorizando ao Concello a utilización dos datos de carácter persoal para facer efectiva a publicidade das actuacións no proceso selectivo conforme á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal.**

Achégase para tal efecto a seguinte documentación: (marcar cunha X)

- Fotocopia do D.N.I.
  - Fotocopia permiso de conducir tipo C.
  - Fotocopia do título acreditativo dos coñecementos de galego
- (indicar cal):

Fotocopia da Titulación (indicar cal):

SOLICITA: sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, D.N.I. e asina do/a aspirante:

ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESO

